



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Intervención

Aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento, depuración, canon de auga, aluguer de contador e lixo, do 1º trimestre do ano 2025

EDICTO

Por resolución da Alcaldía de data 25/03/2025 resolveuse:

PRIMEIRO: Pola necesidade de aprobar, con carácter de urxencia, o padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 1º trimestre do ano 2025 e as liquidacións polos servizos de “auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canón de auga, aluguer de contador e lixo” correspondentes a refacturacións desde o 12 de decembro de 2024 ata o 17 de marzo de 2025, e de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro avocar a firma da resolución.

SEGUNDO: Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 1º trimestre do ano 2025, que comenza por G*****275 e remata por 327*****J, cun total de 21.764 recibos, cos seguintes importes:

Auga	406.206,65 €
Saneamento baixa	242.632,24 €
Saneamento alta	168.118,35 €
Depuración baixa	7.270,36 €
Depuración alta	235.935,03 €
Lixo	746.382,16 €
Bonificación SOGAMA	0,00 €
Aluguer contador	12.752,23 €
Canon da auga	139.139,04 €
IVE	108.728,32 €
TOTAL	2.067.164,38 €

TERCEIRO: Aprobar as liquidacións polos servizos de “auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canón de auga, aluguer de contador e lixo” correspondentes a refacturacións desde o 12 de decembro de 2024 ata o 17 de marzo de 2025:

Auga	-1.533,17 €
Saneamento baixa	-55,04 €
Saneamento alta	-40,22 €
Depuración baixa	0,00 €
Depuración alta	-106,61 €
Lixo	0,00 €
Aluguer contador	0,00 €
Canon da auga	-393,89 €
IVE	-173,51 €
TOTAL	-2.302,44 €

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Recursos: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDICTO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1, xeral de xestión, recadación e inspección.

Narón, 25 de marzo de 2025
A alcaldesa- presidenta
Marián Ferreiro Díaz